

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25N Concello de Muxía

Día Internacional para a Eliminación da Violencia hacia as Mulleres.

Este ano 2020 cumpriuse o 25º aniversario da Plataforma de Acción de Beijing, na que se estableceu o modo de eliminar as barreiras que impiden a participación igualitaria das mulleres en todas as esferas; e tamén se cumpren 60 anos do aniversario do asasinato das irmáns Mirabal que ao seu honor estableceuse esta data do *Día Internacional para a Eliminación da Violencia hacia as mulleres*, que hoxe conmemoramos.

Lamentablemente, ano tras ano, temos que volver a reunirnos para seguir reafirmando o noso compromiso e determinación no impulso de políticas para a igualdade de mulleres e homes e, en concreto, en materia de violencia sexista. Os datos que amosa a Macroencuesta sobre violencias hacia as mulleres do 2019, elaborado polo Centro de Investigacións Sociolóxicas para a Violencia de Xénero, reflicten a dimensión do alcance desta violencia en termos moi preocupantes:

1 de cada 2 mulleres (57,3%) residentes en España de 16 ou máis anos sufriron violencia ao longo das súas vidas.

el 40,4% das mulleres recoñece jter sufrido acoso sexual ao longo da súa vida, a maioría entre os 16 e 24 anos.

Podería seguir dando cifras xerais, pero é preciso poñer o foco no noso municipio, onde os datos de violencia tamén son preocupantes.

Desde o Concello de Muxía **manifestamos o noso firme compromiso en seguir traballando en políticas públicas que poñan fin a todas as violencias machistas e desenvolver accións de sensibilización, prevención e atención integral para as supervivintes.**

Os datos das agresións sexuais, as ciberviolencias, o tráfico de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual , a mercantilización do corpo das mulleres, a súa cousificación, o auxe da pornografía como referente de relación sexual para moitos e moitas adolescentes , a «violencia vicaria», os modelos

de masculinidades «tóxicas» e o mal entendido feminismo son realidades alarmantes e preocupantes. Por iso, **“non temos que mirar cara a outro lado”**, a violencia de xénero é unha responsabilidade de toda a sociedade.

A miúdo preguntánnos: “Qué podo facer eu para cambiar a situación?”, e isto xa supón un avance significativo no silencio respecto a violencia machista.

Neste senso MANIFESTAMOS:

O noso rexeitamento hacia toda forma de violencia contra as mulleres-

O interese en interperlar aos homes para que participen na construción dun novo modelo de convivencia baseado na igualdade e o respecto que beneficie a toda a sociedade.

A intención de impulsar programas de apoio e sororidade para as mulleres e de prevención da violencia entre a poboación máis xoven, como ferramentas esenciais para impedir situacións de violencia.

Este ano, nun contexto de pandemia polo COVID19, convidamos a toda a cidadanía, a seguir amosando o seu compromiso coa erradicación da violencia contra as mulleres, e a denuncia de todas as manifestacións de desigualdade, a participar na **CONCENTRACIÓN ON LINE** a través das redes sociais, facebook e/ou Instagram subindo un vídeo, foto, reflexión, poema, engadindo:

#Muxiatoleranciacero

As violencias machistas só se poden eliminar de raíz.

Sé cómplice na construción dun mundo mellor.